

## **MODO GALEGO ACTÍVAO!**



Estimados pais, nais, familias:

Este curso imos continuar co Modo Galego Actívao! que xa se fixo o pasado. Son 21 días empregando o galego, é dicir tres semanas. Do 13 ao 31 de maio.

Participan neste compromiso, o alumnado, o profesorado, o monitorado dos servizos complementarios e outros traballadores e traballadoras dos centros educativos do concello de Ames.

Dentro da nosa Programación Xeral para o presente curso temos como obxectivo xeral lograr que o centro garanta unha boa competencia lingüística en lingua galega a toda a comunidade educativa e que incida de forma positiva no seu correcto uso axudando así a superar o desequilibrio social no que se atopan o galego con respecto ao castelán. Para iso é fundamental realizar campañas dirixidas a incentivar o uso da lingua galega en tódalas actividades do centro e sumarnos aos programas que así o fagan.

Por iso vos pedimos que activeades tamén o galego nas casas e que colaboredes con nós, xa que é parte do noso patrimonio e identidade como pobo.

Con isto gañamos tod@s!

Para máis información: [modogalegoames.gal](http://modogalegoames.gal)

Equipo de Dinamización e Normalización da Lingua Galega.

